

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE 5 MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA O PROXECTO KA-131 HED 2023 DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+

1. BASES

Como xa sabedes e explicamos ao comezo do curso no claustro, o IES Plurilingüe Rosalía de Castro participa no Programa Erasmus+ no sector da Educación Superior a través dos proxectos anuais aprobados pola Comisión Europea por contar coa Carta Erasmus de Educación Superior 2021-2027.

Este proxecto en concreto consiste na realización dun periodo de “Jobshadowing” en centros educativos ao longo do Curso 2023/2024 nos que se traballe algún dos obxectivos contemplados no noso Plan Erasmus e que teña relación coas titulacións de Ciclo Superior e/ou módulos que se imparten:

Coeducación e igualdade
Educación para o desenvolvemento sostible
Autonomía moral e cidadanía
Avaliación e mellora da competencia dixital docente

O acceso das persoas participantes á observación nos diferentes centros educativos estará suxeito, en todo momento, á aceptación da mesma por parte dos citados centros. É obriga da persoa participante a busca de aloxamento, da súa manutención e da adquisición dos billetes para a viaxe, preferentemente en medios de transporte público e/ou sostibles. A Coordinadora Erasmus+, aínda que a responsabilidade final será da persoa participante, colaborará en todo momento para o que precise.

-A elección da organización a visitar, quedará reflectida no proxecto que a persoa participante deberá presentar nesta convocatoria.

-Resérvase unha praza para persoas con discapacidade que se acumulará ás outras en caso de quedar deserta.

2. PRAZOS

PRESENTACIÓN SOLICITUDES E PROXECTO PERSOAL*	Do 2 de Outubro ao 15 de Decembro de 2023 Ambos inclusives
PUBLICACIÓN PROVISIONAL BAREMACIÓN**	18 de Decembro de 2023
PRESENTACIÓN RECLAMACIÓNS	19 e 20 de Decembro de 2023
PUBLICACIÓN DEFINITIVA BAREMACIÓN**	21 de Decembro de 2023

** Formulario de Solicitud online e instrucións dispoñibles na Páxina Web do IES*

***A baremación publicarase na páxina Web do centro e no Espazo Erasmus+ do IES.*

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS

Ao tratarse dun proxecto de centro, terá preferencia o persoal definitivo.

1. RELACIÓN E COMPROMISO COA ORGANIZACIÓN EDUCATIVA (50%)

- 1.1. Por antigüidade no centro educativo: 0,25 por ano (Ata 1 punto)
- 1.2. Pola participación en grupos de traballo e proxectos no centro educativo: 0,5 por proxecto (Ata 2 puntos)
- 1.3. Por acreditación de experiencia nas liñas do proxecto: 1 punto por liña (Ata 2 puntos)

2. IDIOMAS E MÉRITOS (10%)

- 2.1. Certificados de nivel da lingua vehicular (ou no seu defecto Inglés): Ata 0.7 puntos
B1: 0,1 puntos. B2: 0,15 puntos. C1: 0,2 puntos. C2: 0,25
- 2.2. Por asistencia e aproveitamento a xornadas ou cursos sobre internacionalización dos centros educativos: Ata 0,3 puntos

3. ENTREVISTA PERSOAL (10%)

Valorarase:

- O coñecemento do Programa Erasmus+ e dos proxectos de internacionalización que se realizan no centro.
 - As habilidades persoais e sociais da persoa candidata.
- Será obrigatorio o compromiso de difusión dos resultados de aprendizaxe tras a súa mobilidade.

4. PROXECTO PERSOAL DA MOBILIDADE (40%)

A persoa participante deberá realizar un proxecto persoal no que se recollan os seguintes puntos:

1. Contextualización
2. Relación da mobilidade coa especialidade e co proxecto
3. Obxectivos xerais
4. Obxectivos específicos
5. Programación e calendario da mobilidade
6. Desenvolvemento das actividades a realizar no centro de acollida
7. Resultados esperados (produtos e/ou evidencias)
8. Aplicabilidade e transferencia dos resultados na aula e no centro educativo
9. Avaliación, conclusións e propostas de mellora

Os criterios de valoración do proxecto persoal serán os seguintes:

Elección do centro de acollida, xustificación e relación co Plan Erasmus	0,5 puntos
Descrición dos obxectivos e das actividades	2 puntos
Aplicabilidade dos resultados e impacto no centro e na aula	1,5 puntos

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude realizarase mediante o seguinte formulario googleforms:

[Formulario solicitude](#)